- Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
- Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
- Realizar revisións periodicamente.
- Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
- Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	2º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introdución

Esta programación didáctica vai dirixida ao alumnado do 2º curso de Educación Primaria do CEIP Serra-Vincios, situado no concello de Gondomar.

Esta programación é unha guía do traballo que se quere realizar ao longo do curso. Hai que ter en conta que pode sufrir modificacións, pois temos que adaptarnos ao ritmo do alumnado, aos acontecementos que puidesen suceder, contratempos, etc. O documento recolle todo o que consideramos necesario para levar a cabo o noso labor docente e favorecer un bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

Comezamos este novo curso escolar co desexo de continuar no cambio da liña metodolóxica de traballo, abandonando os libros de texto cara a un traballo por proxectos e tarefas integradas e a unha avaliación por competencias.

O Proxecto anual do curso 2023/24 terá como temática "Coidamos o planeta: redución de residuos".

Este curso hai dous grupos de 2º, cun total de 26 alumnos e alumnas con niveis e ritmos moi variados. Na área de Lingua Inglesa xuntaranse os dous grupos contando co apoio da titora de 3º EP. O nivel lingüístico xeral da aula na lingua estranxeira é bo, cunha moi boa predisposición e actitude de cara á lingua estranxeira.

As sesións de Inglés desenvólvense na aula da especialidade, que conta cos materiais necesarios para levar a cabo a aprendizaxe da mesma: proxector, encerado dixital, biblioteca de aula, xogos de mesa e demáis materiais manipulativos separados por recunchos. En certos momentos da sesión se realiza un desdobre dos dous grupos grazas á figura da mestra de apoio, para facilitar a consecución das actividades comunicativas e unha mellor atención individualizada.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e previsible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	This is my house	Nesta unidade traballaranse as distintas partes da casa e repasaránse os membros da familia	15	10	X		
2	At the farm	Nesta unidade traballaranse os animais da granxa xunto cos animais domésticos.	20	12	X		
3	What are you wearing?	Nesta unidade traballaranse as prendas de roupa incidindo nas prendas específicas de inverno.	15	12		X	
4	My body	Nesta unidade traballaranse as partes do corpo e a descripción física.	20	12		X	
5	Look around!	Nesta unidade traballaranse elementos do entorno e a descripción de paisaxes.	15	12			X
6	Let's have a picnic.	Nesta unidade traballaranse distintas comidas e a expresión de gustos persoais.	15	12			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	This is my house	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece palabras e expresións habituais en textos orais breves.	TI	100
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacíons comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utiliza de forma guiada estratexias elementais en situacíons comunicativas cotiás con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.		
CA1.3 - Expressar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expressa de xeito oral frases sinxelas sobre asuntos cotiáns.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Emprega estratexias básicas para producir mensaxes usando apoios.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respuestas sinxelas e concretas sobre cuestiós cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos más representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	At the farm	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demás	Imita e participa en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.	TI	100
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Emprega estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta información básica con interese e empatía polos interlocutores.		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Compara e contrasta similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a producción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e producción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elles tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos más representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacóns interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	What are you wearing?	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece palabras e expresións habituais en textos orais breves.	TI	100
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacions comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utiliza de forma guiada estratexias elementais en situacions comunicativas cotiás con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.		
CA1.3 - Expressar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expressa de xeito oral frases sinxelas sobre asuntos cotiás.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Emprega estratexias básicas para producir mensaxes usando apoios.		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identifica estratexias para mellorar nos procesos comunicativos.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcions comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respuestas sinxelas e concretas sobre cuestiós cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> </ul>

## Contidos

- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos más representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	My body	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demás	Imita e participa en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornos próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Emprega estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.	TI	100
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta información básica con interese e empatía polos interlocutores.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.

## Contidos

- Modelos contextuais elementais na comprensión e producción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacóns elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacóns cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacóns derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos más representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacóns interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
5	Look around!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresóns habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece palabras e expresóns habituais en textos orais breves.		
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacóns comunicativas cotiáns co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utiliza de forma guiada estratexias elementais en situacóns comunicativas cotiáns con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.		
CA1.3 - Expressar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expressa de xeito oral frases sinxelas sobre asuntos cotiáns.	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencíons comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Emprega estratexias básicas para producir mensaxes usando apoios.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos más comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostra interese pola comunicación intercultural.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos más representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Let's have a picnic.	12

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribe palabras a partir de modelos.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demás	Imita e participa en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.	TI	100

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sínxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Emprega estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta información básica con interese e empatía polos interlocutores.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e producción oral e multimodal.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a producción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sínxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e producción de textos orais e multimodais, breves e sínxelos.</li> <li>- Convencións ortográficas elementais.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elles tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos más representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de lingua estranxeira vaise tratar dende un enfoque comunicativo, centrado nos intereses dos alumnos e alumnas de 2º de Primaria. A escoita de contos en inglés vai ser o punto de partida para desenvolver este proxecto. A través da escoita activa reforzada cun apoio visual os alumnos gozarán coas actividades plantexadas.

Fundamentalmente as tarefas centraranse no desenvolvemento das competencias comunicativas listening e speaking. Incorporaremos o teatro dentro da aula como ferramenta de expresión lingüística e corporal así como tamén para desenvolver a imaxinación e creatividade dos máis novos.

Parte das sesións dedicaranse ao traballo por estacións, empregando distintos tipos de xogos simbólicos e manipulativos que fomenten a comunicación. Estas estacións estarán monitorizadas pola mestra para explotar as posibilidades comunicativas e de adquisición lingüística que ofrecen.

Traballarase de forma proactiva a conciencia fonolóxica para favorecer, non só unha pronuncia correcta senón tamén unha mellor capacidade de comprensión e reflexión sobre os distintos sons da lingua estranxeira.

Fomentarase o uso de actividades TPR para asegurar unha maior oportunidade de éxito á hora de fixar os contidos

asociando movento e linguaxe.

A incorporación de xogos, cancións, adiviñas, rimas e poemas en cada unha das unidades didácticas reforzará o enfoque lúdico e favorecerá unha aprendizaxe significativa da lingua estranxeira.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Contos
Flashcards e tarxetas
Xogos de mesa
Xogos manipulativos
Pósters e murais
Encorado dixital interactivo
Recursos audiovisuais
Rimas e cancións

Empregaranse materiais atractivos para o alumnado que fomenten a competencia comunicativa.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Debemos facer unha avaliación inicial durante a primeira semana do curso escolar que comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

-Análise dos informes de avaliação individualizados do curso anterior, nos que podemos detectar a situación percibida polo Mestrado de cada alumno en concreto en xuño.

-Avaliación inicial do grupo clase e de cada alumno en particular: para a detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso previo. Esta Avaliación darános unha idea da situación real de partida do alumnado. Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso, os equipos docentes elaborarán os plans de reforzo e recuperación nos casos que sexan necesarios.

-Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar asdecidíons pertinentes. Para a avaliação inicial presencial durante os primeiros días de clase realizaranse actividades orais de repaso que permitirán valorar o nivel xeral que presenta o alumnado nesta área. Isto servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo.

As medidas a tomar son prestar especial reforzo ao bloque/s que presenten unha maior dificultade, así como reforzar ao alumnado que presente dificultades, tendo en conta as diferentes medidas que atención á diversidade especificadas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>UD 4</b>	<b>UD 5</b>	<b>UD 6</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

- Procedementos e evidencias : Observación directa e sistemática do traballo realizado a nivel grupal, individual e de gran grupo.
- Instrumentos: Táboas de indicadores que recollerán criterios e graos de consecución das diferentes evidencias que se quieran analizar segundo o seguinte modelo:  
Vocabulario pasivo:
  1. Recoñece de forma oral e sen dificultade todas as palabras do vocabulario traballado no tema.
  2. Recoñece de forma oral todas as palabras do vocabulario traballado no tema, presentando dúbidas ou precisando axuda á hora de recoñecer algúns delas.
  3. Recoñece a maior parte das palabras do vocabulario traballado no tema.
  4. Recoñece de forma oral, con axuda de recursos extralingüísticos, a maior parte das palabras do vocabulario traballado no tema.
  5. Non recoñece a maior parte de palabras do vocabulario traballado no tema aínda con axudas de recursos extralingüísticos.

Para obeter a calificación en cada unha das avaliacións analizaremos os datos recollidos cos instrumentos arriba citados en cada unha das unidades didácticas traballadas.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta, o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

As táboas de indicadores empregadas terán o seguinte peso para conformar a nota:

Coñecemento dos contidos traballados: 50%

Participación nas actividades propostas na aula usando como vehículo de comunicación a lingua estranxeira: 30%

Actitude e interese cara ao traballo na aula e á lingua estranxeira: 20%

### Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia,o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Aqueles alumnos e alumnas que non avancen ao ritmo da maioría do seu grupo lles serán aplicadas medidas de apoio e reforzo educativo que lles permitan superar as súas dificultades do mellor xeito posible.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarse especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecimiento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Levaremos a cabo medidas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

- Organizar a aula dun xeito accesible que favoreza a autonomía do alumnado.
- Secuenciar a estrutura da sesión dun xeito claro para dar seguridade ao alumnado e reforzar a xestión das expectativas.
- Graduar as actividades propostas en función das capacidades individuais, tanto incrementando ou diminuindo a dificultade e adaptando os tempos.
- Empregar imaxes e pictogramas para clarificar as mensaxes na lingua estranxeira.
- Incidir nos centros de interese do alumnado para promover a motivación e o interese.
- Combinar actividades de mesa ou estáticas con outras de movemento.
- Aproveitar as TIC como recurso para a xestión dos tempos individuais en tarefas que así o requiran como en aquelas de comprensión oral.
- Empregar o traballo en equipos heteroxéneos para favorecer a axuda entre iguais.
- Adaptar os procedementos, así como os tempos de avaliación, ás características do alumnado.

al como se establece na normativa vixente, prestarse especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecimiento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Levaremos a cabo medidas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

- Organizar a aula dun xeito accesible que favoreza a autonomía do alumnado.
- Secuenciar a estrutura da sesión dun xeito claro para dar seguridade ao alumnado e reforzar a xestión das expectativas.
- Graduar as actividades propostas en función das capacidades individuais, tanto incrementando ou diminuindo a dificultade e adaptando os tempos.
- Empregar imaxes e pictogramas para clarificar as mensaxes na lingua estranxeira.
- Incidir nos centros de interese do alumnado para promover a motivación e o interese.
- Combinar actividades de mesa ou estáticas con outras de movemento.
- Aproveitar as TIC como recurso para a xestión dos tempos individuais en tarefas que así o requiran como en aquelas de comprensión oral.
- Empregar o traballo en equipos heteroxéneos para favorecer a axuda entre iguais.
- Adaptar os procedementos, así como os tempos de avaliación, ás características do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.						X
ET.4 - Educación para a saúde.				X		

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar	Apadriñamentos lectores, Contacontos, A Aventura de ler, Semana da prensa, Itinerarios lectores, Mochila viaxeira; Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: Samain, Magosto, Día da Paz...	X	X	X
Equipo de Dinamización da Lingua Galega	Glosario sobre a temática anual, Festival de Panxoliñas e das Letras Galegas, O Xornaliño (revista escolar)...	X	X	X
Actividades ofertadas polo Concello de Gondomar ou outras entidades	Actividades que sexan de interese e axeitadas aos alumnos/as do ciclo.	X	X	X
Saídas propostas polo claustro	Saídas propostas polo claustro	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía emplegada
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacóns de interacción e agrupamentos variados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.

**Medidas de atención á diversidade**

Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel.

**Descripción:**

Tan importante como avaliar ao alumnado é facer unha reflexión profunda sobre a propia labor, que servirá para modificar a labor docente cando os resultados obtidos non sexan os esperados.

Ao longo do curso, polo menos unha vez ao trimestre, nas reunións de ciclo o Equipo de profesores do curso reunirse para valorar e tomar decisións sobre os anteriores aspectos.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados. Na avaliación desta programación participarán os profesores que imparten esta área.

O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.

Teranse en conta os seguintes indicadores:

- Seguimiento da temporalización
- Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.
- Dificultades acaecidas.
- Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Resultados trimestrais das avaliações.
- Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:
- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.

Para a avaliación desta programación teranse en conta, máis concretamente, os indicadores establecidos no apartado anterior.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	33
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	35
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
6. Medidas de atención á diversidade	37
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	39

## 1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Lingua Galega e Literatura, nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira, que conta con gran cantidade de zonas verdes. Mais en concreto, o centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbio e Xián.

As entidades más significativas coas que conta a parroquia son:

- Asociación veciñal, na que se desenvolven distintas actividades culturais da parroquia para adultos e para nenos.
- Comunidade de Montes, que colabora aportando subvencións para a realización de diferentes actividades culturais e educativas no Centro.
- Escola e Banda de música, varias corais e grupos de gaitas e baile galego, dos que forman parte moitos dos nosos alumnos/as. A escola de música colabora co centro cun concerto didáctico anual.
- A.N.P.A. Santa Mariña, que normalmente organiza actividades extraescolares e excursións ao longo do curso. Tamén subvenciona parte do transporte nas saídas e algunas actividades complementarias.
- Club de Fútbol de Vincios, do que forman parte moitos alumnos do Centro.
- Agrupación Deportiva Vincios, coa que colabora o Centro en moitas actividades deportivas.

En definitiva, a situación do centro permitenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, etc. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso da horta escolar.

No que se refire ao alumnado, na actualidade, o centro non posúe grupos moi masificados. Consta dun total de 166 criaturas e dun cadro docente, na súa maioría, definitivo. Están distribuídas nun segundo ciclo de Educación Infantil, de tres cursos, e na Educación Primaria, que comprende tres ciclos de dous cursos académicos cada un. Organízase en áreas ou ámbitos que terán un carácter global e integrador, orientadas na procura do desenvolvemento das competencias do alumnado.

O alumnado para o cal se elaborou esta programación atópase no segundo curso da etapa de educación primaria. Son un total de 26 alumnos e alumnas de entre 6 e 8 anos. Neste momento, non cómpre destacar ningunha criatura con necesidades específicas de apoio educativo.

Posto que a Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras, trátase dun medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

A expresión artística é connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos e, pola súa importancia na vida, debe gozar da súa atención e do seu espazo. As diferentes manifestacións culturais e artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas, formando parte intrínseca do seu propio ser e da súa actividade comunicativa e social, á vez que son parte esencial do patrimonio cultural. A música, a danza, as artes plásticas, audiovisuais, performativas e escénicas preséntanse nos nosos días de moi diferentes maneiras e a través de distintos medios. Por estas razóns, a educación artística posúe unha gran relevancia, xa que na vida cotiá o manexo da información vinculada con ela fai necesaria a disposición de competencias e capacidades de pensamento propias das artes.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prejuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información más relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construir coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construir coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construir coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construir coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construcción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvimento, establecendo relacóns entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de producción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de producción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacusíco, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitosa		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

### Observacións:

Os elementos transversais, eiquí numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construcción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico	Concerto didáctico a cargo da Escola de Música Municipal no 1º trimestre no auditorio da localidade para, principalmente, ver e escoitar a máxima variedade posible de instrumentos e coñecer in situ as súas características principais, algo presente en todas as UD.			

<b>Actividade</b>	<b>Descripción</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
Obradoiro de danza moderna	Obradoiro de danza moderna (en relación á UD4) no centro durante o 2º trimestre, e destinado a todo o 1º ciclo, a cargo de profesorado dunha das Escolas ou Academias de Danza da contorna.			
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3) no salón de actos e de cara ao final do 3º trimestre; aberto ao público con entrada solidaria para recadar fondos para a excursión de Fin de Curso de 6º EP.			
Colaboración no Xornal do Centro	No 3º trimestre colabórarse elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no Xornal.			

**Observacións:**

Sobre os fondos do Festival de Fin de curso: de non realizarse a excursión estes irían destinados a algúnsha asociación benéfica, preferentemente da contorna.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado
Apoouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

**Descripción:**

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluirase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluiranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluirán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eíquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.  
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos más significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluiranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

**Área/materia/ámbito**

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Proxecto Competencial, nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira, que conta con gran cantidade de zonas verdes. Mais en concreto, o centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbio e Xián.

As entidades más significativas coas que conta a parroquia son:

- Asociación veciñal, na que se desenvolven distintas actividades culturais da parroquia para adultos e para nenos.
- Comunidade de Montes, que colabora aportando subvencións para a realización de diferentes actividades culturais e educativas no Centro.
- Escola e Banda de música, varias corais e grupos de gaitas e baile galego, dos que forman parte moitos dos nosos alumnos/as. A escola de música colabora co centro cun concerto didáctico anual.
- A.N.P.A. Santa Mariña, que normalmente organiza actividades extraescolares e excursións ao longo do curso. Tamén subvenciona parte do transporte nas saídas e algunas actividades complementarias.
- Club de Fútbol de Vincios, do que forman parte moitos alumnos do Centro.
- Agrupación Deportiva Vincios, coa que colabora o Centro en moitas actividades deportivas.

En definitiva, a situación do centro permitenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, etc. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso da horta escolar.

No que se refire ao alumnado, na actualidade, o centro non posúe grupos moi masificados. Consta dun total de 166 criaturas e dun cadro docente, na súa maioría, definitivo. Están distribuídas nun segundo ciclo de Educación Infantil, de tres cursos, e na Educación Primaria, que comprende tres ciclos de dous cursos académicos cada un. Organízase en áreas ou ámbitos que terán un carácter global e integrador, orientadas na procura do desenvolvemento das competencias do alumnado.

O alumnado para o cal se elaborou esta programación atópase no segundo curso da etapa de educación primaria. Son un total de 26 alumnos e alumnas de entre 6 e 8 anos. Neste momento, non cómpre destacar ningunha criatura con necesidades específicas de apoio educativo.

A área do Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da re-solución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Deste xeito, a área do Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos más transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

**Descripción:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A contaminación mariña e uso de plásticos.	A través de contos e películas traballaremos o PDI do colexio.	30	13	X		
2	A deforestación	A través de contos e películas traballaremos o PDI do colexio.	30	12		X	
3	Cultivamos	Cultivaremos e plantaremos na horta diferentes hortalizas e froitas.	40	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A contaminación mariña e uso de plásticos.	13

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da contaminación mariña.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Recoñecer os recursos innecesarios plásticos utilizados.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e proponer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A deforestación	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias nos niveis de calidade requeridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Cultivamos	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os produtos que foron recolectados.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conducta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conducta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concreciones metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, ao longo das unidades 3, 4 e 5 afondaremos no coñecemento do medio natural e exploraremos a nosa contorna, identificando ós seres vivos, a importancia do seu coidado e as características principais dos animais e plantas.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Ao longo da unidade 2 experimentaremos cos órganos do sentidos para que o alumnado poida comprender mellor como nos relacionamos co medio que nos rodea.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Ao longo da unidade 1, "Como somos?" traballaremos as principais partes do corpo humano e os hábitos saudables relacionados co benestar físico. Para traballar este contido, por equipos, realizarán a súa silueta no chan, sinalarán as partes do corpo e despois terán que completar a silueta debuxando unha persoa. Ademais, realizaremos xogos de rol para identificar emocións e na asemblea compartiremos accións que favorezan o benestar físico e emocional.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, proponer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Algunhas actividades a levar a cabo: crear un ecosistema, realizar plantacións na horta durante a unidade 5, e ao longo da unidade 6, analizar de que están feitos e como funcionan os seus xoguetes, deseñar un robot sinxelo e facer unha programación sinxela con ScratchJr.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu

desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS
RECURSOS MATERIAIS
RECURSOS TECNOLÓXICOS
RECURSOS TECNOLÓXICOS
RECURSOS ESPACIAIS

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado tutor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Neste caso, estamos a falar dunha mestra titora, o apoio durante catro horas a semana dunha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica, afín Audición e Linguaxe, unha mestra especialista en Audición e Linguaxe (3 sesións semanais), un mestre especialista en educación física, unha mestra especialista en música, unha mestra especialista en relixión e unha mestra especialista en inglés.

Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O. E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinhas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, diccionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,....

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenador de aula e sala de informática, robots educativos, proxeitor, tableta de ciclo, etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** aula virtual, encyclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a cociña, a biblioteca e a biblioteca creativa do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore o alumnado. Xa unha vez comezado o curso, ao inicio de cada unidade didáctica. Esta Avaliación daranos unha idea da situación real de partida do alumnado.

- A partir da información da finalización do curso 2022/2023 e da avaliación inicial, reforzaránse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza e aprendizaxe de todo o alumnado.

- Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso, os equipos docentes en colaboración co departamento de Orientación, elaborarán as Adaptacións Curriculares Individualizadas, e os Plans de Reforzo e recuperación nos casos que sexan necesarios, coa aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Nesta avaliación participará o alumnado, pero tamén o persoal docente que poida achegar información sobre a súa evolución persoal e académica en xeral (departamento de orientación), sexa a titora de 1º curso de educación primaria, sexa calquera docente que mantivera contacto previo suficiente. Será este persoal docente o que se reúna na primeira sesión de avaliación do curso escolar para unha posta en común e poder adaptar así as medidas oportunas.

No referente a evocación dos coñecementos previos da área, proponse unha pequena chuvia de ideas sobre os elementos da contorna, que poderán partir de imaxes suxestivas. Aplicarase de xeito individual ou grupal e oral.

A análise dos resultados obtidos será crucial para adaptar a programación deseñada, e quedará rexistrada no programa de Xestión Administrativa de educación: XADE.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

**Coñecemento dos contidos traballados: Expresión oral, escrita e plástica dos coñecementos adquiridos, observación e explicación dos acontecementos da**

realidade referidos aos temas traballados: 50%  
Realización das tarefas: Traballo individual, traballo en grupo: 30%

Actitude cara a área: Interese polo traballo feito na clase e pola súa realización da forma solicitada, axuda e colaboración cara os seus compañeiros e compañeiras, escoita e participación activa: traballo cooperativo: 20%.

Realizarase unha táboa de indicadores, con todos os criterios utilizados para cada unidade, puntuados do 1 ao 4 e facendo unha media final. Sendo o 1: "Non conseguido", o 2 : " adquirido", o 3: "avanzado", e o 4: "excelente".

#### **Criterios de recuperación:**

## **6. Medidas de atención á diversidade**

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

A finalidade destas medidas é adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado da aula.

No día a día tentaremos articular medidas para acadar os obxectivos propostos, como as seguintes:

- ¿ Organización da aula en agrupamentos que posibiliten a colaboración e a cooperación: traballo en equipo, por parella, individual...
- ¿ Partir dos coñecementos previos para adaptar e individualizar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- ¿ Potenciar a autonomía e a reflexión persoal empregando diversas metodoloxías na resolución das tarefas.
- ¿ Empregar recursos e materiais diversos: audiovisuais, manipulativos, tecnolóxicos...
- ¿ Favorecer un clima de confianza e respecto, potenciando o diálogo no aula.

Ademais, e segundo o que nos di a LOMLOE, no seu artigo 16, adecuarase o proceso de ensino aprendizaxe a aqueles nenos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar NEAE (necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar) establecendo as medidas oportunas, curriculares e organizativas, do tipo de:

- ¿ Detectar as necesidades educativas o máis pronto posible coa colaboración do Departamento de Orientación.
- ¿ Mobilizar os recursos humanos e materiais precisos ante a detección de necesidades concretas dunha alumno/a.
- ¿ Adaptar os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- ¿ Realizar programas de reforzo e de ampliación, de ser preciso, establecendo plans de reforzo individuais.
- ¿ Organizar, por parte do Departamento de Orientación, os reforzos e apoios do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe
- ¿ Elaborar, por en práctica e manter actualizadas as necesarias AC.
- ¿ Permanecer durante un curso máis na etapa, ou flexibilizar, de ser necesario.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - 1- A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita e a comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.2 - 2- Educación para a igualdade	X	X	X
ET.3 - 3- Competencia dixital.	X	X	X
ET.4 - 4- Educación para a paz		X	
ET.5 - 5- Educación para a saúde	X	X	
ET.6 - 6- Afianzamento do espírito emprendedor e o desenvolvemento da creatividade.			X
ET.7 - 7- Educación ambiental e educación para o consumo responsable	X	X	X
ET.8 - 8- Espírito científico			X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no PDI do centro.	Presentación do proxecto nos distintos corredores do centro.	X	X	X

## **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

### **Indicadores de logro**

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das UD

Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamiento dos contidos, etc.)

Os criterios para unha avaliação positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

Os criterios de avaliação e os criterios de cualificación déronse a coñecer: ao alumnado e ás familias

Metodoloxía empregada

Existe unha distribución temporal equilibrada.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos

O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo

Valídez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes

As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

Medidas de atención á diversidade

Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.

Grao de seguimento do alumnado

Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe

Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagógicos.

Clima de traballo na aula

A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Os criterios de promoción están acordados entre o persoal docente

Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe

### **Descripción:**

As programacións didácticas serán flexibles, axeitadas a cada curso e revisables en función do alumnado e dos resultados. Na avaliação das programacións participará o profesorado que imparta dita área ou ámbito.

O seguimento da programación didáctica realizarase principalmente en 4 momentos:

- Ao finalizar cada unidade didáctica.

- Trimestralmente despois de cada sesión de avaliación dos alumnos/as tendo en conta os resultados da mesma.
- Anualmente, onde se introducirán aspectos derivados das propostas de mellora recollidas na memoria final do curso.

- En calquera momento para introducir os cambios que se consideren necesarios.

A Comisión de Coordinación Pedagógica (CCP) será a encargada de crear, aprobar e revisar tanto o modelo de centro para a confección das programacións didácticas como os indicadores de logro de avaliación das mesmas para unificar criterios.

A CCP, ao comezo de cada curso, revisará as propostas de modificación da programación didáctica e trasladaraas aos diferentes niveis.

Algúns dos aspectos a avaliar serán a coherencia da programación, se están os criterios de avaliación ben distribuídos ao longo dos trimestres, se os tempos e os espazos se axustan ao que se pretende conseguir, o uso da metodoloxía, a adaptación á diversidade dos alumnos/as, se conseguimos a motivación dos mesmos, a elección e o emprego dos materiais didácticos, as canles de colaboración coas familias, a concreción dos distintos plans do centro, como Plan Lector, TIC, Convivencia e Proxecto Lingüístico, etc.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación nos ámbitos nos que se detectaron dificultades, engadindo as medidas correctoras para corrixir as dificultades.

- Utilizarse a memoria final de curso de cada titoría, especialidade e nivel para observar como foi o desenvolvemento do programado e recoller propostas de modificación se fosen precisas.
- A CCP en reunión de fin de curso recollerá os informes do profesorado e analizará os resultados.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirse o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos disponibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

**Área/materia/ámbito**

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	2º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

## 1. Introdución

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica proponse como área curricular de oferta obligatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e assertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecése o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Esta é a programación de Relixión Católica de 2º E.P. do CEIP SERRA VINCIOS.

Esta programación é una guía do traballo que se quere realizar ao longo do curso. Hai que ter en conta que pode sufrir modificacións, pois temos que adaptarnos ao ritmo do alumnado, aos acontecementos que puidesen suceder, contratempos, etc. O documento recolle todo o que consideramos necesario para levar a cabo a nosa labor docente e favorecer un bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

Comezamos este novo curso escolar co desejo de continuar no cambio da liña metodolóxica de traballo, abandonando os libros cara a un traballo por proxectos e tarefas integradas e a unha avaliación por competencias.

O Proxecto Anual do curso 2023/24 terá como temática "COIDAMOS O PLANETA: REDUCCIÓN DE RESIDUOS".

### CONTEXTO

O centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbío e Xián.

As entidades más significativas coas que conta a parroquia son:

- Asociación veciñal, na que se desenvolven distintas actividades culturais da parroquia para adultos e para nenos.
- Comunidade de Montes, que colabora aportando subvencións para a realización de diferentes actividades culturais e educativas no Centro.
- Escola e Banda de música, varias corais e grupos de gaitas e baile galego, dos que forman parte moitos dos nosos alumnos/as. A escola de música colabora co centro cun concerto didáctico anual.
- A.N.P.A. Santa Mariña, que normalmente organiza actividades extraescolares e excursións ao longo do curso. Tamén

subvencióna parte do transporte nas saídas e algunas actividades complementarias.

- Club de Fútbol de Vincios, do que forman parte moitos alumnos do Centro.
- Agrupación Deportiva Vincios, coa que colabora o Centro en moitas actividades deportivas.

#### Infraestructuras

O colexio, que data de do ano 1979, consta dun edificio, dun anexo de pista cuberta e de zona exterior de 10.000 m<sup>2</sup>. É un centro de natureza rural, cunha soa liña e que imparte as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria.

O centro dispón de:

- Biblioteca Escolar ben dotada cun amplio potencial dinamizador e incorporada ao Plambe.
- Biblioteca Creativa.
- Aula de usos múltiples.
- Aula de informática.
- Aula de música.
- Aula de inglés.
- Aula de relixión.
- Cociña.
- Horto escolar con invernadoiro.
- Departamento de Orientación. Orientadora, (este curso en horario completo), a mestra de Pedagogía Terapéutica e a mestra de Audición e Linguaxe, ofrecen un apoio e reforzo moi importante nas aulas e, en concreto, con aquel alumnado con algunas dificultades específicas. Este curso contamos cunha segunda mestra de PT afín AL, debido á creación dunha aula de atención preferente.
- Aula de Audición e Linguaxe.
- Aula de Pedagogía Terapéutica. As mestras fan apoio dentro ou fóra das aulas segundo as necesidades.
- Sala de profesores.
- Sala de dirección.
- Local da ANPA, que compartirá co do coidador, pero en distintos horarios.

Como servizos complementarios, o Centro conta con aula matinal, comedor escolar e transporte escolar.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropológico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizánndoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgúns das súas expresións más significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoas nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respeito entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesión</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Novo curso: os meus propósitos	Reflexión sobre esta nova etapa académica e que queremos conseguir nela. Diálogo e verbalización sobre os nosos propósitos ou obxectivos, no académico e actitude, para este curso.	15	6	X		
2	Historias da Biblia e as súas ensinanzas.	Descubrimiento de pequenos relatos da biblia: as parábolas. As súas ensinanzas.	14	4	X		
3	Estamos en Nadal.	Descubrimos o tempo litúrxico de Advento como paso previo á celebración do Nadal. Tempo litúrxico do Nadal, que celebramos? Tradicións e simboloxía que lle é propia. Sesión de Cine e Contacontos por determinar sobre a temática.	15	7	X		
4	Unha gran familia.	O valor das responsabilidades e o traballo en equipo por medio de diversos relatos da Biblia axeitados e adaptados, se fose necesario ás características psicolóxicas e	14	4		X	

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
4	Unha gran familia.	emocionais das idades que nos ocupan.	14	4		X	
5	Chegou a Pascua.	O CALENDARIO LITÚRXICO. Tempo de Cuaresma, Semana Santa e Pascua, centránndonos fundamentalmente no tempo de Pascua.	14	7		X	
6	Xesús e os apóstolos	Partindo do papel dos doce apóstolos na biografía de Xesús, traballarase no valor da amizade e o que de nos mesmos esixe.	14	3			X
7	Celebramos xuntos!	Sesión de Cine (longametraxes e/ou curtos) traballaremos a importancia do trabalho en equipo, a axuda e colaboración, partindo tamén de experiencias propias e sesións de contacontos de dita temática.	14	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	Novo curso: os meus propósitos	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Recoñecer algunas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Leva a cabo accións de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase, derivadas da análise das palabras e accións propias. Amosa unha autoestima e aceptación persoal equilibrada. Integrase no grupo de iguais dun xeito respectuoso e responsable nas formas de relacións cos demais.		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respeito, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Leva a cabo accións de respeito e coidado dos seus compañeiros/as de clase en diversas situacións. É autónomo e, ademais está pendente de coidar e de colaborar cos demais, se é preciso. Participa cidoado e limpeza no patio durante o recreo e nos momentos de entrada e saída do centro educativo.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.

## Contidos

- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Cosmovisións, tradición cristíá e cultura.
- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristíá.
- Gratitud cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.

UD	Título da UD	Duración
2	Historias da Biblia e as súas ensinanzas.	4

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Implementa accións de respeito, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase, derivadas da análise das palabras e accións que conforman a biografía de Xesús e as súas ensinanzas. Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a amizade.	TI	100
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrindo o seu lugar na comunidade cristíá e na cultura.	Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristíá.
- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.
- Reconocemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso.
- Cosmovisións, tradición cristíá e cultura.
- Reconocemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Iglesia, como libro sacro do cristianismo.
- A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Estamos en Nadal.	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparánndoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediendo se é necesario. Describe e recoñece situacións nas que necesita ás persoas para vivir e ser feliz, na súa familia e no colexio cos compañeiros/as.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica os signos do Advento como tempo de espera. Describe costumes e tradicións navideñas na súa familia, no contorno, e nas manifestacións artísticas. Valora que a importancia do Nadal non son os agasallos senón compartir tempo cos seres queridos. Identifica o Nadal con nacemento de Xesús.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimientos e expresións relixiosas doutras persoas.</li> </ul>			

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Unha gran familia.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Leva a cabo accións de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase, derivadas da análise das palabras e accións propias. Amosa unha autoestima e aceptación persoal equilibrada. Integrase no grupo de iguais dun xeito respectuoso e responsable nas formas de relacións cos demás.	TI	100
CA1.6 - Describir algunas situacións próximas de desamparo, fraxilidade e vulnerabilidade, empaticando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Está pendente do novo alumnado e do que se queda só para traballos de grupo. Defende os máis desfavorecidos nos grupos e denuncia as situacións que considerainxustas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Chegou a Pascua.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	É quen de identificar situacións conflitivas e actuar dun xeito pacífico buscando a resolución do conflito, amosando actitudes de prevención de ditos conflitos.	TI	100
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autocoñecemento persoal e as vivencias dos outros.	É que de explicar dun xeito ordenado e coerente a razón de ser da Semana Santa e da Pascua, partido das experiencias e vivencias do seu propio entorno máis cercano establecendo un vínculo histórico coa biografía de Xesús.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
----------

## Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.
- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.
- A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.

UD	Título da UD	Duración
6	Xesús e os apóstolos	3

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Describir algunas situacions próximas de desamparo, fraxilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Defende aos máis desfavorecidos nos grupos e denuncia as situacions que considerainxustas. Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario. Descubre e nomea situacions nas que necesita ás persoas para ser felices, na familia, no colexo cos compañeiros/as.	TI	100
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	É que de verbalizar dun xeito ordenado as súas experiencias, emocións e sentimentos. Interésase por compartirlos cos demás, respectando as aportacións e vivencias de compañeiras/os.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.
- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.

## Contidos

- Habitar o mundo plural e diverso para construir a casa común.
- Biografías significativas que favorecieron a resolución pacífica de conflictos.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Celebramos xuntos!	4

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Relacionar algunas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Emprega as diversas formas de expresión artísticas propostas que teñen a finalidade de comunicar ideas, sentimientos, opinións, etc ao resto do grupo, sendo capaz de describir dun xeito coherente aquilo que pretende transmitir.	TI	100
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Manifesta respecto ao describir as festas do seu pobo como tradición vivida e compartida en comunidade-		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

## Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.
- María, a Nai de Xesús.
- Habitar o mundo plural e diverso para construir a casa común.
- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundáméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse

tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacíons de aprendizaxe que recrean na aula situacíons significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacíons serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaginación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

En resumo, a metodoloxía de traballo baséase nos seguintes puntos:

- Traballo por tarefas integradas, relacionados coa vida cotiá que terán que resolver de modo grupal, interactuando e argumentando as súas decisións.
- Contextos compartidos: cunha periodicidade semanal realizaremos agrupamentos por ciclo para traballar tarefas, proxectos e/ou obradoiros concretos.
- Aprendizaxe cooperativa. Establecemos unha liña de aprendizaxe cooperativo desde 3 anos ata 6º, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se van ampliando segundo avanzan a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva.
- Atenderase aos ritmos e necesidades individuais do alumnado.
- Xogos e dinámicas de grupo e interpersoais entre os distintos nenos/as.
- Atenderase as intelixencias múltiples.
- Traballaremos en relación cos proxectos que vaian xurdindo de xeito global e integrado.
- Partiremos do método científico e da resolución de problemas funcionais e relacionados coa experiencia cotiá para propiciar que o alumnado empregue habilidades de razonamento e reflexión.
- Enfoque globalizado, de xeito que a través dos proxectos, tarefas e actividades a traballar se engloben todas as áreas posibles.
- Empregaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para mellorar a nosa expresión e como búsqueda e tratamiento da información.
- Partiremos da aprendizaxe significativa para crear novos coñecementos.
- Potenciaremos o desenvolvemento das habilidades sociais e grupais.
- Traballaremos as competencias a través de experiencias directas como no caso do horto escolar.
- Potenciarase a aprendizaxe lúdica e a participación activa.
- Proporcionaranse variedade de recursos e espazos, así como flexibilización temporal en función das necesidades individuais ou de grupo.
- Autoavalación do alumnado e do profesorado. O alumnado e o profesorado terán que autoavaliar o seu traballo, as súas melloras, o seu logro dos obxectivos, os seus puntos fortes e aqueles aspectos nos que haxa que mellorar.
- Aprender a pensar. Promoveranse estratexias para aprender a razonar e a argumentar as súas opiniós; así como a defender as súas ideas.
- Aprender a observar, a analizar e deducir o que entra polos nosos sentidos.
- Potenciación da lectura comprensiva e o gusto pola lectura no seu tempo de lecer como aspecto fundamental para a adquisición de aprendizaxes..

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos de das competencias clave. Atenderase aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e a atención personalizada en función das necesidades individuais do alumnado; de xeito que se establezan os mecanismos de reforzo no momento que se detecten as dificultades de aprendizaxe.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos espaciais

Distintos recursos materiais
Recursos persoais e humanos
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Material informático e recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais e medios audiovisuais

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico, sinálase: Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

\*Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

\*Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, parábolas en láminas de cores, fichas de traballo tanto de carácter individual como colectivo cando o traballo sea en grupo.

\*Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC: ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, CDs, páxinas web, xogos on line, xogos informáticos, películas animadas do Antigo e do Novo Testamento así como tamén películas e cortos que permitan traballar dun xeito máis atractivo e motivador os contidos a traballar.

\*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu disprix. Podemos clasificalo en natural (o que recollemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademas traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar sus propios xogos ou adornos.

\*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

\*Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinhas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso é preciso partir dos coñecementos previos que ten o alumnado por meddio da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, farese nas primeiras semanas do curso mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.  
-Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través dos titores, para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

A avaliación inicial vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades. Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de

atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a. Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades. Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual, diálogos, exposicións de experiencias vitais para nenos e nenas coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os diferentes contidos que se van traballar en dada momento do curso, sempre partido do entorno máis cercano ao neno.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliação por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	<b>15</b>	<b>14</b>	<b>15</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>100</b>
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliação do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros.

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliação.

Estes instrumentos (que estableceré con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a) Parte actitudinal: 45%

Aproveitamento do tempo.

Esforzo e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as.

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística).

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%

O traballo está completo e corrixido.

Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumplindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..).

c) Parte procedural (actividades más prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital):

32%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole..

d) Comportamento en xeral na aula en referencia á materia 8%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliação asignarase unha cualificación.

O método de avaliação será o de avaliação continua, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliação xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Niveis de Frecuencia: Sempre - Case Sempre - Case Nunca - Nunca.

### Criterios de recuperación:

Cando o alumno ou alumna non supere os mínimos establecidos, deberei centrar a miña práctica docente en garantir a súa consecución. Para elo, servireime da repetición dos mínimos de aprendizaxe nas unidades didácticas, ou a inclusión de mínimos de menor dificultade en unidades posteriores.

Nesta fase faise unha revisión da avaliación, centrada, sobre todo, no alumnado que aínda non superou as aprendizaxes.

- Realizar probas específicas para a recuperación das aprendizaxes non superadas (sempre que eu, como mestra, o considere necesario).

- Establecer medidas para a recuperación de estándares como: o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles, as modificacións ou adaptacións do currículo que se recollen nun Plan de traballo individualizado.

Todas estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas as dificultades. Estas medidas van dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo, que está orientado ó dominio das aprendizaxes instrumentais e a adquisición das destrezas e habilidades de traballo e estudio.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A finalidade destas medidas é adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado da aula.

No día a día tentaremos articular medidas para acadar os obxectivos propostos, como as seguintes:

- Organización da aula en agrupamentos que posibiliten a colaboración e a cooperación: traballo en equipo, por parella, individual...

- Partir dos coñecementos previos para adaptar e individualizar o proceso de ensino-aprendizaxe.

- Potenciar a autonomía e a reflexión persoal empregando diversas metodoloxías na resolución das tarefas.

- Empregar recursos e materiais diversos: audiovisuais, manipulativos, tecnolóxicos...

- Favorecer un clima de confianza e respecto, potenciando o diálogo no aula.

Ademais, e segundo o que nos di a LOMLOE, o artigo 75 sinala a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos, polo tanto, adecuarase o proceso de ensino aprendizaxe a aqueles nenos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar NEAE (necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar) establecendo as medidas oportunas, curriculares e organizativas, do tipo de:

- Detectar as necesidades educativas o máis pronto posible coa colaboración do Departamento de Orientación.

- Mobilizar os recursos humanos e materiais precisos ante a detección de necesidades concretas dun/ha alumno/a.

- Adaptar os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Realizar programas de reforzo e de ampliación, de ser preciso, establecendo plans de reforzo individuais.

- Organizar, por parte do Departamento de Orientación, os reforzos e apoios do profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe

- Elaborar, por en práctica e manter actualizadas as necesarias AC.

- Permanecer durante un curso máis na etapa, ou flexibilizar, de ser necesario.

Por último, cabe destacar que como mestra especialista, ante unha eventual dificultade (de calquera índole) dun neno ou nena da aula, comunicareillo a mestra-titora, expoñendo a situación e buscando a vía más axeitada co fin de prestarlle ao pequeno a axuda e guía que precisa para seguir avanzando na seu proceso de aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade e formación estética	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escritas, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer!	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Para traballar interdisciplinariamente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- \* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- \* Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- \* Competencia dixital
- \* O fomento da creatividade no alumnado
- \* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental.
- \* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio.
- \* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita mais éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades, positivas.
- \* Expresión oral e escrita.
- \* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento.
- \* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.
- \* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- \* Educación emocional e en valores.
- \* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade.

A área de Relixión Católica ten unha gran compoñente de educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, para traballar dun xeito transversal en todas as unidades e pequenos proxectos, valores fundamentais coma o respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, a importancia da familia independentemente do tipo de familia que sexa, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebración de festas do calendario litúrxico (Advento, Nadal, Coresma, S.Sta e Pascua) e do calendario escolar (Samaín, Magosto ou San Martiño, Igualdade de xénero e Bo Trato, Día da Paz...)	X	X	X
Contacontos de Nadal.	Contos de temática navideña.	X		
O Portal de Belén. Mural.	A planificar dun xeito internivel.	X		
Os Propósitos para o curso 23-24	Minimurais individuais: silueta da man, decoración, elección de propósitos produto da reflexión e do debate.	X		
A Cuaresma, Semana Santa e Pascua.	Manualidades relacionadas con estes tempos litúrxicos a valorar no seu momento.		X	X
Sesións de Cine que Educan.	Elección de películas e cortos relacionados coa transmisión e traballo de valores e educación emocional.	X	X	X

### Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

### **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas no proceso de E-A
Os procedementos e instrumentos de avaliación, son axeitados
Metodoloxía empregada
O alumnado traballa en equipo cos seus compañeiros/as
Incorporación axeitada das Novas Tecnoloxías no proceso de E-A.
Priorizo os valores cristiáns e os procedementos, sobre os conceptos
Emprego ferramentas TIC como elemento motivador e para afianzar coñecementos
Medidas de atención á diversidade
DO ALUMNADO
Téñense en conta as características particulares de cada alumno/a
A atención é personalizada,e axeita á diversidade do alumnado
Utilizo medidas de atención á diversidade
Clima de traballo na aula
O alumno/a participa activamente de todo o proceso
Consigo que o alumnado se implique e traballe ben en equipo
Tento facer as clases amenas e motivadoras

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo en equipo con outros compañeros/as do Claustro.
Busco un clima de benestar cos meus compañeros e compañeras
Implico as familias en todo o proceso
Outros
<b>DE MIN MESMO/A COMO MESTRE/A</b>
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes
Realizo formación para mellorar como profesional más alá da que me proporciona e súxire o centro
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente
Avalío constantemente a miña propia práctica docente

#### **Descripción:**

##### **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR**

- Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprendieron.
- Diferentes ferramentas de auto e coavalización do traballo realizado na aula.

##### **INDICADORES DE LOGRO**

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun standar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes" polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

\* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

\* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre ou traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante ou proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír ou proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

\*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

\*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo

\*Traballo na aula: análise da producción dos alumnos (plásticas, escritas, orais) en,

-Fichas de actividades e xogos de cada U.D.

-Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre

-Pequeños traballos en gran ou en pequeno grupo

-Traballo cooperativo

-Manualidades, pasatempos

-Xogos de mesa, de creatividade,

-Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, coas gafas virtual, co escornabot, na aula virtual...  
Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotorios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizareínas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

### PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

\* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións .

\*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

### ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Niveis de Frecuencia: SEMPRE - CASE SEMPRE - CASE NUNCA - NUNCA.

### PROPOSTAS DE MELLORA

\* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

\* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TIC e TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a

- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

\* Regulación da práctica docente

-Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

\* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados

- Os instrumentos de avaliação permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

\* Aos alumnos.

\* Ás familias.

\* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

## 9. Outros apartados

### 1. Nada que indicar

-